



## ORGANIGRAMA PARA A ELABORACIÓN DO MAIO

(Semana do 24 de abril até o 1º de maio)

### MATERIAL PARA TRAER

**OVOS:** todos os días, agás o domingo. Fanse dous buratos nos extremos dos ovos e sóprase para baleirar a clara e a xema interior. Tráese a casca para logo enfiar e facer rodas. [Ver outra opción](#)



**FIÚNCHO :** todos os días a partir do xoves 27 (incluído). O mellor fiúncho é o de tamaño mediano. O que está moi aberto ou amarelo non vale. Sempre hai que

collelo **co talo** para poder unilos logo cun arame. [Ver como recollelo.](#)

**PAMPULLOS** (margaridas amarelas) : **Sábado 29.** O domingo 30 volvería a saír un grupo se fixera falta máis. Temos localizada unha veiga moi boa onde collelo o venres pola tarde. [Ver como recollelo](#)

**LARANXAS DO PO** (as que son amargas): Calquera día da semana (do 24 ao 30 de abril)

**FLORES VARIAS** (margaridas brancas (grandes), rosas, camelias, calas ou cartuchos): O domingo día 30. **As margaridas brancas son as máis difíciles de atopar.** As flores, agás os pampullos, teñen que vir **co talo grande para poder inserir no maio.**

### SAÍDAS ORGANIZADAS DENDE O CENTRO ESCOLAR



**Xoves , Venres:** de 16:30 – 20:00 h.

**Sábado:** de 10:00 h a 14:00 h. Case todas **precisan de coche** para poder ir . Iremos en grupos. Nas saídas para o fiúncho é necesario traer tesorias (mellor as que se utilizan para podar) e luvas (hai moitas estrugas e silvas). O ideal é que os maiores corten e os rapaces o recollan. Sacos e caixas hai no centro dutros anos.

### ELABORACIÓN DO MAIO

**Sábado:** 16:30 h – 21:00 h

**Domingo:** Pola mañá de 9:30 h 14:00 e de 16:00 h - ..... (Até que se remate)



Para elaboración do maio convén traer algunha tesoira pequena para cortar o talo dos pampullos. [Ver imaxes do material na páxina web](#)